

EL CUARTO REINO

Adán Aliaga / Àlex Lora, 2019

611

PASE ÚNICO EN NUMAX: 02.12.2019 | V.O.S.E. | TP

El cuarto reino. El reino de los plásticos (2019, 82')

Dirección: Adán Aliaga, Àlex Lora

Guión: Adán Aliaga, Àlex Lora

Son: Adán Aliaga, Àlex Lora

Montaxe: Adán Aliaga, Àlex Lora, Sergi Dies

Fotografía: Adán Aliaga, Àlex Lora

Produtora: Jaibo Films (España)

Distribuidora: Beamos Producción

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA ADÁN ALIAGA

Fishbone, 2018

The Fourth Kingdom, 2017

[con Àlex Lora]

El arca de Noé, 2014 [con David Valero]

La mujer del eterno, 2011

Estigmas, 2009

La casa de mi abuela, 2006

FILMOGRAFÍA ÀLEX LORA

La silla de vuestro padre, 2015

[con Antonio Tibaldí]

Us, 2011

(En)terrados, 2009 [curtametraxe]

SINOPSE

Os habitantes dun centro de reciclaxe das aforas de Nova York comparten unha mesma decepción: a falsa promesa do soño americano. René, Walter, Eugene, Pier e Ana continúan a traballar para manter viva a esperanza, mentres cuestionan os grandes misterios do universo.

«Un delicado retablo, está máis preto do tenro cascallo de WALL•E que dun documental de Al Gore cargado de mensaxes apocalípticas. Un fermoso conto de Nadal»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



“Non queriamos facer unha reportaxe sobre reciclaxe, senón un retrato dos seres humanos que habitan este espazo”

Entrevista con Adán Aliaga
Por Borja García Tejero

El cuarto reino é unha oda ás esperanzas e os sonhos rotos ou reciclados daquelas persoas que chegan a América tentando atopar unha vida mellor. Si, o filme está gravado nun centro de reciclaxe de Nova York que non só recicla botes de plástico, vidro ou latas, senón que tamén acolle seres humanos. De feito en inglés denomínase *redemption center*, centro de redención en español, e esa dimensión relixiosa non é azarosa, mesmo se achegan alí compañías de teatro para representar escenas da vida de Cristo. A todo isto cómpre agradecer o labor e a colaboración de Ana Martínez de Luco, unhas das súas fundadoras.

O filme ten unha clara crítica ao capitalismo como sistema que propicia que tantos produtos e tantos sonhos se encontren nestas montañas de cascallo. En *El cuarto reino* tentamos contar moitas cousas, chegar a distintas capas de significados, como se estiveramos a mondar unha cebola, pero sen dar excesivas explicacións. Como diría Álex Lora, cómpre xerar certo misterio, e na miña cabeza estaba acadar certa suxestión poética e mesmo xiros da ciencia ficción. Non nos interesaba facer unha reportaxe sobre a reciclaxe, senón un retrato dos seres humanos que transitan ou habitan este espazo na busca de mellorar a súa vida. Son inmigrantes latinoamericanos, asiáticos ou xamaicanos que na busca dese sonho americano remataron así, recollendo latas polas rúas de Manhattan. Pode ser doloroso pero converteuse no seu medio de vida, ese que lles permite comer cada día, pagar un aluguer e enviar cartos ás súas familias. Ademais, unha cidade tan consumista como Nova York precisa do seu labor para manter certo equilibrio no ecosistema urbano.

O bo do cinema é que cada espectador pode tirar a súa propia lectura. Eu reparei moito nos gatos, en como René, un dos protagonistas, coida deles. Alén deses grandes sonhos deben atender ilusións máis simples e cotiás. Desde logo, coído que máis aló do contexto, se o filme se tivese gravado sobre un cromograma verde, cada espectador faría a súa propia lectura pois ten unha dimensión moi humana. A familia gatuna do protagonista é, para min, unha gran metáfora. El coida e alimenta os gatos como unha caste de substitutos da súa familia humana, que vive en México e á que non pode ver.

Como chegou esta historia até vós? Eu estaba en Nova York traballando noutro filme cando coñecín a Álex Lora. Eu xa tiña colaborado co centro e comenteille que era un lugar poderoso, tamén no aspecto cinematográfico. Sumamos sinerxias e comezamos a traballar para contar unha historia a partir do traballo no centro.

Que vos dín as persoas que saen no filme ao verse na pantalla? Son xente afeita ás cámaras, pois por alí pasan acotío televisión e documentalistas a facer reportaxes, pero se cadra non están tan afeitos a que se traballe con eles de maneira demorada, cunha intención artística. O filme tivo a súa estrea nun festival neoyorkino, asistiron Ana, René e toda a xente que sae no filme e foi emocionante para eles verse protagonistas dunha película na gran pantalla.

Entendo que a maiores do éxito colleitado en festivais, a maior satisfacción é dar a coñecer a esta xente e os seus sonhos. Claro, son consciente de que non podemos cambiar o mundo cun filme, pero si podemos concienciar sobre o mar de plástico no que vivimos para ir mudando o paradigma de consumo no que estamos inmersos.

Publicado en Butaca y Butacón, La-Fm.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

OS DIRECTORES

Adán Aliaga (Alacante, 1969) estréase na dirección con *La casa de mi abuela* (2006) coa que gaña premio Joris Ivens en IDFA. Desde entón rodou sete documentais máis premiados en festivais como Valladolid, Alcances ou Málaga.

Álex Lora (Barcelona, 1979) ten traballado como realizador, guionista e montador e numerosos proxectos. Como cineasta competiu dúas veces en Sundance (*Odysseus Gambit* e *Godka Cirka*) e acadou dous premios Emmy coa serie documental *Nueva York*.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org